

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA	Sello
Documento CONVIOCH	Expediente CON/2/2011

000264

ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión conjunta dos servicios de ordenación, regulación e aparcamiento de vehículos na vía pública (ORA) e a retirada, traslado e depósito de vehículos (GRUA) en Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: O concesionario satisfará ó Concello un canon anual fixo, como mínimo de 15 euros/ano por cada praza de aparcamento e un canon variable resultado de aplicar á diferencia líquida de recadación a porcentaxe ofertada polo adxudicatario (mínimo 50 %).

LUGAR, DATA E HORA: Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 16.11.2011, ás 9.50 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Albino Vázquez Aldrey.

Vocales:
 D. Juan de la Fuente, representante do grupo PP.
 D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos.
 D. Inmaculada Viña Carregal, Interventora Municipal.
 D. Francisco J. Castiñeira, Director da Asesoría Xurídica.

Secretario: D. Román Otero, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede, en primeiro termo, o exame e debate dun escrito de alegacións presentado pola empresa DOAL SA e no que solicita a inadmisión das ofertas das empresas AUSSA, CONTINENTAL PARKING e SETEX APARKI, por entender que presentan a súa documentación de xeito que incumple o prego, valorando as súas melloras no sobre número 2, e no caso de SETEX APARKI, ademáis, incumprindo o prego técnico, propoñendo unha parcela que, segundo a documentación que se aporta coas alegacións, non alcanza a superficie mínima requerida.

O director da asesoría xurídica municipal realiza entón unha breve exposición dos aspectos esenciais que se derivan do escrito presentado. Con respecto a primeira das alegacións, sinala que, por unha banda, o prego foi aceptado e non recurrido no seu momento por todos os licitadores e, por outra, que as melloras a incorporar no sobre 2 son gratuitas e non se computan dentro do total dos gastos de explotación do contrato, valorándose ademáis, tamén de acordo co disposto no prego, de xeito subxectivo, non tendo incidencia por tanto a valoración económica que acompañan a efectos de puntuación da oferta, e non revelando ningún dato sobre as condicións económicas da oferta a considerar no sobre 3 ó non poder formar parte destas.

Con respecto á segunda das alegacións, o sr. Castiñeira sinala que o prego técnico recolle expresamente que os requisitos sobre as parcelas a destinar a lugar de depósito de vehículos deberán cumplirse polo adxudicatario do contrato, non polos licitadores, polo que todas as cuestións a elas relativas, deberán verificarse no momento da adxudicación e antes da sinatura do contrato, de tal xeito que si a empresa proposta non pudera cumplir as condicións fixadas no prego, quedará excluída e proporase como adxudicatario o seguinte na orde de puntuación.

Mostrándose conforme con estas argumentacións os restantes membros da mesa, acórdase propoñer ó organo de contratación o rexeitamento das alegacións, e continuar co proceso.

Polo tanto, procédese a dar acceso a reunión os representantes das empresas asistentes. Asisten D. Miguel Angel Crespo en representación da empresa CONTINENTAL PARKING, SL, D. Jose Antonio Barona Couselo e D. Carlos Rosello Lopez en nome de SETEX APARKI, SA, D. Carlos Alberto Baña Neira en nome de DORNIER, SA , e D. José María Tutor Lemos e D. Alberto Quintana Vilarelle en nome da empresa GRUPO EUROPEO DE SERVICIOS DOAL, SA.

Seguidamente, comunicaselles o feito da presentación do recurso pola empresa DOAL e transmítelles a decisión tomada pola mesa a este respecto. Así mesmo, dase lectura as puntuacións acadadas polas empresas na primeira fase, comunicándose tamén a exclusión da empresa AUSSA.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación availables mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

NOME DO LICITADOR	CANON ANUAL FIXO (euros/praza)	CANON ANUAL VARIABLE (% sobre a recadación obtida)
ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, SA	75	80%